



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

MESA DE IGUALDADE

Onte tivemos a reunión da Mesa de Igualdade, que facía un ano que non se convocaba. Iso xa da unha idea do interese da Administración nese tema.

A AEAT entregounos unha serie de táboas estatísticas, algunhas delas con erros evidentes e outras nas que se podían sacar moitas conclusións, como o peso do xénero masculino nos postos altos da AEAT pese a estar en inferioridade en canto ao total de traballadores da Axencia ou o envellecemento alarmante do persoal da AEAT. Compróbase tamén, unha vez mais, que as cargas familiares asúmense na súa maior parte polas mulleres e que son necesarias máis medidas que promovan a igualdade.

Desde a **CIG** pensamos que hai moito camiño por percorrer e volvimos a insistir en cuestións que nos parecen importantes e que deberían ser tidas en conta:

- No permiso de enfermidade moi grave de familiar, que agora está concebido como unha redución de xornada, que se introduza a posibilidade de acumular a xornadas completas.
- Que se introduzan melloras no permiso por conciliación cando os nenos están enfermos.
- Que se leve a cabo dunha vez un protocolo de mobilidade por violencia de xénero dentro da AEAT
- Que se faga unha programación formativa con cursos presenciais.
- En canto ao persoal laboral comentamos que á vista dos datos facilitados está claro que hai un alto porcentaxe de emprego precario ocupado por mulleres, sobre todo no colectivo fixo discontinuo. Cremos importantísimo que se tomen medidas que favorezan a promoción do persoal laboral para diminuír a brecha salarial.
- Solicitamos tamén que se desglose, no total de datos que nos facilitan, información sobre os traballadores de Vixilancia Aduaneira pois vemos que cada vez hai máis mulleres nesa área, copada por homes, e entendemos que pode ser unha información interesante á hora de tomar medidas que promovan a igualdade. A AEAT non se mostrou receptiva a achegarnos esa información. Consideramos interesante e necesario que se promovan medidas que favorezan a incorporación de máis mulleres ao Servizo de Vixilancia Aduaneira.
- Pedimos información sobre o desglose da produtividade por sexos e vemos incompletas as táboas salariais pois non se nos achega toda a información (faltan os datos dos salarios dos dirixentes da AEAT). Tamén pedimos información do desglose, por sexos, da concesión da distinción por méritos relevantes.

En xeral, botamos en falta por parte da AEAT que haxa unha verdadeira disposición a tomar medidas que favorezan a igualdade e a corresponsabilidade así como que haxa un debate continuado no tempo encamiñado en mellorar os permisos e licencias que temos na AEAT. A AEAT comentounos que vai convocar unha serie de cursos en materia de Igualdade, cursos que poderían ser de carácter obrigatorio e se realizarán por e-learning e coa idea de que participe todo o persoal. Comentamos que os cursos anteriores de Igualdade foron de escasa duración e non se puido profundizar suficientemente nos seus contidos.

Vovemos a insistir en que esta mesa debe ter máis continuidade, pois cunha única xuntanza por ano pouco se pode avanzar.